

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**12802** *ORDE SCO/1929/2007, do 22 de xuño, pola que se modifica o anexo X do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 157, do 2-7-2007.)*

O Real Decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, recompilou nun só texto toda a normativa existente sobre esta materia, adaptándose á lexislación comunitaria. As ordes do 4 de xuño de 1998, do 26 de abril de 1999, do 3 de agosto de 2000, e as ordes SCO/249/2003, SCO/1448/2003, SCO 2592/2004, SCO/3664/2004, SCO/544/2005, SCO/3691/2005, SCO/747/2006, SCO/1730/2006, SCO/3283/2006, e SCO/504/2007, do 5 de marzo, modificaron os anexos deste real decreto.

Este real decreto foi modificado polo Real decreto 2131/2004, do 29 de outubro, e o Real decreto 209/2005, do 25 de febreiro.

A Directiva 76/768/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros en materia de produtos cosméticos, foi obxecto de sucesivas modificacións, unha delas mediante a letra B do anexo da Directiva 2006/81/CE da Comisión, do 23 de outubro de 2006, pola que se adapta a Directiva 95/17/CE no relativo á exclusión dun ou varios ingredientes da listaxe prevista para a etiquetaxe de produtos cosméticos. Esta directiva modifica o punto 2 do anexo X «Modalidades de concesión do número de rexistro a que se refire o artigo 17» do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, asignando os códigos correspondentes a Bulgaria e Romanía con motivo da súa adhesión. Así mesmo, actualízase a listaxe coa inclusión dos códigos dos estados membros que no ano 2004, mediante a acta de adhesión, se incorporaron á Unión Europea.

Mediante esta disposición trasponse parcialmente esta directiva ao ordenamento xurídico interno, de acordo co establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, e incorpóranse os Estados membros que no ano 2004, mediante a correspondente acta de adhesión, se incorporaron á Unión Europea.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo X del Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.*

No punto 2 do anexo X del Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, engádense os seguintes números de referencia:

«16 República Checa.  
17 Estonia.

18 Chipre.  
19 Letonia.  
20 Lituania.  
21 Hungría.  
22 Malta.  
23 Polonia.  
24 Eslovenia.  
25 Eslovaquia.  
26 Bulgaria.  
27 Romanía.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a letra B do anexo da Directiva 2006/81/CE da Comisión, 29 de setembro de 2006, pola que se adapta a Directiva 95/17/CE no relativo á exclusión dun ou varios ingredientes da listaxe prevista para a etiquetaxe de produtos cosméticos e a Directiva 2005/78/CE no que se refire aos requisitos do sistema de supervisión do control de emisións utilizable nos vehículos e ás exencións aplicables aos motores de gas, con motivo da adhesión de Bulgaria e Romanía.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 22 de xuño de 2007, a ministra de Sanidade e Consumo, Elena Salgado Méndez.

## XEFATURA DO ESTADO

**12868** *LEI ORGÁNICA 7/2007, do 2 de xullo, de modificación das leis orgánicas 13/1985, do 9 de decembro, do Código penal militar, e 8/1998, do 2 de decembro, de réxime disciplinario das Forzas Armadas, e do Real decreto-lei 8/2004, do 5 de novembro, sobre indemnizacións aos participantes en operacións internacionais de paz e seguranza. («BOE» 158, do 3-7-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica: